



**Castañeda (a Castaniolla do Codex) a Santa Irene**

*Près de Triacastela, il y avait des carrières de pierre à chaux e l'on en manque aux abords de Santiago. Chaque pèlerin emportait une pierre [à chaux] jusqu'à Castañeda où étaient les fours; la chaux obtenue était ensuite transportée par des chariots à Compostelle.*

*Patroloxia latina, CLXXXI, col. 1707*

*MIGNE, Jacques Paul*

Lugares polos que se pasa:

**Castañeda, Ribadiso, Arzúa, As Barrosas, Laberco, Raído, Cotorbe, Pereiriños, Tabernavella, Ferreiros, Boavista, Salceda, Sta. Irene.**

**Castañeda - Ribadiso 3.1 Km:**

Aproximadamente dúas horas nos levará chegar a **Ribadiso da Baixo**, fermoso enclave fluvial cun dos máis senlleiros albergues do Camiño, inaugurado en 1993 aproveitando os restos do vello hospital de peregrinos de San Antón de Ponte de Ribadiso e que atopamos tras atravesar unha ponte medieval. Inicialmente pertencía á confraría de prateiros de San Eloi e, en 1523, aforárono a Rodrigo Sánchez de Voador, veciño de Santa María de Rendal, mediante o pago de medio real de prata cada ano, a condición de que tivese *“as casas do dito hospital elevantadas e reparadas e camas e hospitalero en ellas”* e os tratase con *“toda caridade”*, segundo reza no fol. 2024, Rex. 30 do Arquivo da Univ. de Santiago.

**Ribadiso - Arzúa (a Vilanova do Codex) 2.7 km:**

**Arzúa** conserva unha **capela** de orixe románica, a **da Magdalena**. Formaba parte do hospital de peregrinos cofundado polo señor do Pazo de Brates, Alonso de Muñiz, cuxo sartego aínda se pode ver no interior e os agustinos Bartolomé de Taide, Pedro de Somogas e Bartolomé Lema, tal e como reza unha inscrición no presbiterio. Tra-la exclaustación de 1835, o seu uso pasou a mesteres máis profanos: cárcere, matadoiro, corte de mulas e palleira. Hoxe, restaurada, acolle unha Sala de Exposicións e Conferencias.

Pero se por algo é mundialmente coñecida Arzúa é pola mistura entre o arrecendo de manteiga, iogur, e as notas de vainilla, nata e noz: o [queixo de Arzúa](#).

**Arzúa - Salceda 11 Km:**

Abandoamos Arzúa pola Rúa do Carme baixando cara á fonte dos Franceses, cruzamos o río Vello e chegamos a **As Barrosas** coa súa capela de San Lázaro. Atravesando o regato que leva o mesmo nome e, pola esquerda, imos a **Laberco** e **Raído**. Atravesamos **Cotorbe**, **Pereiriños**, pasamos o regato **Ladrón**, **Tabernavella**, **Ferreiros**, **Boavista** e **Salceda**.

**Salceda – Sta. Irene 4.6 Km:**

Pasando **O Xen**, **Ras**, **Brea** e **O Empalme**, onde se dí que en días craros se pode ver a costa galega, chegamos ao Alto de **Santa Irene**. Aquí hai unha capela dedicada á santa portuguesa, froito da doazón de dous nobres destas terras (aldea das Dúas Casas). A carón dela, mana unha fonte barroca á que se atribúen propiedades medicinais e que ata finais dos anos 80 locía unha imaxe da santa datada no ano 1692. Disque as augas desa fonte acababan coas pestes nas hortas e que os nenos moi churimicas tiñan que pasar baixo a imaxe e deixaban de chorar.